



## Circular Reserva de prazas tempada 2018/19

### Á atención dos usuarios/as de Escolas dos cursos de nenos/as e bebés:

En base ao estipulado no artigo 15 do Regulamento de Escolas do CNF, a reserva de praza para os usuarios/as das Escolas Deportivas deberá facerse en base ao seguintes requisitos:

1. A reserva de praza implicará o gardado da praza para a vindeira tempada **no mesmo curso e no mesmo horario no que finalicen a tempada en curso.**
2. No caso de querer **modificar o curso ou o horario** os usuarios/as interesados deberán volver realizar a inscrición no período ordinario aberto a tal efecto.
3. As persoas **que non queiran reservar a praza para a tempada seguinte deberán darse de baixa** entre o 27 de xuño e o 2 de xullo.
4. Para poder exercer este dereito haberá que cumprir os seguinte requisitos:
  - a) Ter acreditada unha asistencia mínima do 55%.
  - b) Estar ao rente nos pagos da Escola Deportiva de Natación.
  - c) **Aboar no mes de xullo a inscrición e a cota de setembro** da seguinte tempada que non serán devoltas en caso de baixa antes do comezo do curso.

É porén polo que publicamos pola presente as listaxes das persoas que si cumpren todos os requisitos solicitados e que continuarán no curso no que se atopan na vindeira tempada, agás que soliciten a baixa.

Así mesmo, comunicámosvos que habilitamos un prazo de reclamacións de 5 días dende a publicación ou chegada do presente comunicado no correo [oficina@natacionferrol.com](mailto:oficina@natacionferrol.com).

Finalmente, informámosvos que a cota de inscrición da vindeira tempada será de 14€ e a cota mensual de cada curso seguirá sendo a mesma que na presente tempada.

Ferrol, a 26 de xuño de 2018

A Secretaria

M<sup>a</sup> Victoria Jiménez Pérez

A presidenta

Noemí Álvarez Álvarez